Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación co traslado ao novo edificio da Estrada da atención das urxencias médicas

- 20279 (10/PRE-005279)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os problemas existentes en relación coas obras de construción do centro de saúde de Gondomar comprometido e as actuacións previstas polo Goberno galego para resolvelos

- 20285 (10/PRE-005280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a situación en que se atopa a industria Artesáns Galegos da Carne, o seu endebedamento actual coas cooperativas relacionadas e cos gandeiros a título individual, así como as medidas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural para paliar esta situación, garantir o pagamento das cantidades pendentes e protexer, apoiar e defender os gandeiros afectados

- 20309 (10/PRE-005281)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para recuperar as dúas pías medievais pertencentes á igrexa de San Xián de Moraime, no concello de Muxía

- 20326 (10/PRE-005282)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego presentado no Grupo Popular-Pastor e Banco de Santander para evitar a destrución dos postos de traballo, así como a avaliación das súas consecuencias

- 20329 (10/PRE-005283)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para suprimir a titulación de Enxeñería en Xeomática e Topografía no Campus Terra de Lugo antes do remate do plan de viabilidade aprobado para esa e outras titulacións no curso 2015-2016

- 20335 (10/PRE-005284)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre os datos referidos ao impacto da praga da couza guatemalteca da pataca e a xestión levada a cabo polo Goberno galego ao respecto

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a, relativa á construción dun novo CEIP en Vilalonga, Sanxenxo.

A necesidade dun novo centro escolar en Vilalonga non é unha novidade, senón unha demanda unha e outra vez expresada pola cidadanía e por toda a comunidade educativa. Xa en 2015 relataban, dende o propio CEIP O Cruceiro, a necesidade imperiosa de construír un novo centro educativo. Falamos, de feito dunha promesa incumprida polo Partido Popular dende hai case 10 anos. Porén os anos foron pasando e os cursos sucedéndose sen que chegara o novo centro escolar e co alumnado ateigando unhas instalacións envellecidas e cada vez máis deterioradas.

Neste tempo a veciñanza de Vilalonga viu como se melloraron outros centros na comarca e no municipio, mentres que as súas necesidades eran ignoradas. O proxecto de orzamentos de 2018 recupera unha partida para a escola, pero unha partida claramente insuficiente: 300.000 euros.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Cales son os motivos para non construír a escola canto antes?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/11/2017 11:12:37

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/11/2017 11:12:44

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) aconsellou á Unión Europea, en concreto ao Consello Europeo (o cal é o que decide as oportunidades de pesca), que poña fin á captura da sardiña en augas do Atlántico e do Cantábrico, é dicir, á sardiña ibérica.

O organismo científico aconsella que só o parón absoluto da captura durante o 2018 permitirá rexenerar a especie a curto prazo e sen presión pesqueira, tomando como referencia o Rendemento Máximo Sostible (RMS); segundo os seus datos, os plans de redución de capturas non tiveron éxito. Para Portugal e para España esta noticia é dramática.

A restrición é un problema ibérico máis ca europeo. No volume total dos caladoiros continentais esta especie só supón o 4 % das capturas; polo tanto van ser os dous países ibéricos os que se impoñan os seus propios límites.

A ministra portuguesa do Mar xa garantiu a pescadores e consumidores que non seguirá os consellos do CIES, polo menos non na prohibición absoluta da captura da sardiña e menos para 15 anos, os cales recomenda o propio ICES para poder dicir cunha probabilidade superior ao 95 % que o stock da sardiña está recuperado. Pero se vai actuar, reducindo os días semanais de captura, sobre todo en marzo e abril.

Portugal é o primeiro consumidor de peixe da UE e o terceiro do mundo tras Islandia e Xapón. O portugués insire unha media de 55 quilos anuais, fronte aos 46,2 do segundo, o español, e máis do dobre que a media da UE (25,5 % quilos), segundo datos de Eurostat.

Grupo Parlamentario

De media, o portugués gástase ao ano 311 euros en peixe, tres veces a media europea; o español, 216 euros. E a sardiña é o peixe preferido en Portugal e o segundo en España, despois da pescada, segundo recolle o Observatorio Europeo de Produtos de Pesca.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O estudo do CIES non é vinculante para o Consello de Europa, aínda que se adoitan seguir as súas recomendacións. Bruxelas advertiu que non prohibirá a captura, pero que os países ibéricos deben tomarse en serio a advertencia do ICES.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre as apreciacións do organismo científico ICES que asegura que só o parón absoluto da captura permitirá rexenerar a especie?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre as consecuencias que isto tería para a frota galega?

3ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego en relación con este tema?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 10/11/2017 11:16:59

Julio Torrado Quintela na data 10/11/2017 11:17:12

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Boveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a, relativa á necesaria restitución dos libros de texto no Colexio Santa Baia de Boiro.

De acordo co mandato constitucional, no seu artigo 27.4, “o ensino básico é obrigatorio e gratuíto”. Ensino básico que o artigo 3.3 da LOE (que a LOMCE deixou vixente) define como: “A educación primaria e a educación secundaria obrigatoria constitúen a educación básica”, reiterando o principio constitucional no artigo 4.1 da mesma Lei: “O ensino básico ao que se refire o artigo 3.3 desta Lei é obrigatorio e gratuíto”.

A realidade, lamentablemente, está bastante lonxe do devandito principio constitucional. Na práctica a gratuidade só atinxe ao acceso aos colexios e institutos públicos onde non hai que pagar matrícula, pero o resto págase céntimo a céntimo: os libros, o material, as saídas. Un custo que provoca diferenzas inaceptables entre o alumnado e que debilita o dereito universal á educación que vemos con preocupación en cada inicio de curso.

A propia defensora do Pobo, nun detallado informe sobre a materia, ten admitido que o carácter gratuíto debería facerse extensivo ós libros de texto e ao material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis de ensino obrigatorio. Só cando todos os servizos educativos e, polo tanto, tamén todo o material educativo necesario para os mesmos, sexan sufragados integramente con fondos públicos, poderemos falar dun ensino verdadeiramente público e gratuíto.



Porén, dende o 2009 o PP suspendeu o sistema de préstamo universal de libros de texto substituíndoo por un modelo de axudas parciais alcumado como "gratuidade solidaria". Un sistema que, ademais, e malia ser implantado en aras da austeridade, acabou sendo máis caro que o sistema de préstamo, obrigando as ANPAS, concellos e centros educativos a suplir a labor do goberno mediante bancos de libros propios e xerando numerosos problemas na súa implantación.

Neste contexto cabe entender a problemática no Colexio Santa Baia de Boiro onde 120 nenas e nenos se atopan estudando con libros do ano 2009, en moi mal estado e non adaptados curricularmente. Unha situación á que se chegou por non ter solicitado a renovación dos mesmos no curso 2014 aconsellados pola propia Consellería ante os inminentes cambios no currículo escolar e que se traduce na ausencia do material necesario para o correcto funcionamento do curso. Ante esta situación o profesorado e a ANPA do centro trataron de solventar a problemática mediante libros compartidos que quedan nas aulas, fotocopias, etc. Que implican, en definitiva, a imposibilidade de que cada nena e neno teñan todos os libros necesarios nas aulas e para as tarefas que realizan na casa.

Situación que de acordo cos cálculos efectuados se resolvería cun investimento de 10.000€ que a día de hoxe a Consellería se nega a asumir.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Cando ten previsto o Goberno galego consignar a partida orzamentaria suficiente para que o alumando de Santa Baia teña os libros que precisa?
- 2.^a) En cantas escolas ten coñecemento o Goberno galego de que haxa unha situación semellante?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017.



Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/11/2017 10:54:53

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/11/2017 10:55:01

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A pesares da intensa actividade do “*Departamento de Publicidade e Propaganda*” da Xunta de Galicia en relación coa súa “incansable” actividade para vixiar os incrementos do prezo de combustible en Galicia, os resultados teñen sido moi escasos.

Dende que comezou a caída do prezo de petróleo ata a actualidade, en que comeza de novo a medrar, os socialistas vimos denunciando sistematicamente as estratexias empresariais que prexudican os intereses, tanto dos cidadáns, como do propio tecido económico do país, xa que o prezo dos combustibles, e polo tanto do transporte por estrada, é un elemento moi importante da competitividade do país.

Agora que o prezo do petróleo está repuntando, tódolos indicios mostran que esta subida está a ser trasladada con inmediatez e forza aos consumidores finais. De feito, vimos asistindo dende hai anos a unha estratexia das empresas comercializadoras de combustibles derivados do petróleo, e que as autoridades de competencia non son quen de evitar, que impide que a diminución do prezo do cru se traslade aos consumidores con rapidez, tanto a familias como a empresas; pero consegue que os incrementos do petróleo o fagan con celeridade.

O Goberno galego anunciou, xa nos primeiros momentos en que o petróleo comezaba o seu descenso, que estaba a desenvolver accións intensas dende o ámbito de protección aos consumidores; pero o certo é que mentres o petróleo baixou, este descenso trasladouse moi lentamente aos prezos ás persoas consumidoras.

Pero o incremento actual do prezo do petróleo, así como a mera previsión dun incremento do consumo de combustible no inverno fai que o seu prezo continúe aumentando con forza no conxunto de

Grupo Parlamentario

España, pero especialmente en Galicia, a comunidade autónoma peninsular onde máis o fai.

E mentres isto acontece, os órganos de control da competencia continúan enfrascados en incomprensibles loitas de poder que diminúen a súa eficacia. Así, xa en maio deste ano, anunciouse que a *Comisión Nacional de Mercados y la Competencia* (CNMC) estreitaría e potenciaría a colaboración coa Xunta de Galicia para acabar cos prezos diferenciais de combustible en Galicia respecto ao resto de España.

Aínda que o Executivo autonómico anunciou que enviaba á CNMC un informe xa en 2014 no que pedía que investigase o maior prezo do combustible nas provincias galegas, antes de impostos, respecto a media a pesar de que Galicia conte con unha das refinerías, os resultados teñen sido nulos.

Os derradeiros datos coñecidos mostran que os prezos do combustible en Galicia, continúa sendo máis alto que no resto das comunidades peninsulares. Como exemplo, o diésel, que ten o maior efecto na competitividade do conxunto da economía sufriu no último mes deste ano o maior incremento nos últimos trinta meses, a un ritmo que duplica o da media estatal.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta que as medidas desenvolvidas ata o momento para evitar o sostido e intenso incremento dos prezos dos combustibles en Galicia presentan uns resultados satisfactorios?
2. De non ser así, ten explorado a Xunta xa algunha nova vía de actuación?
3. Ten pensado establecer a Xunta de Galicia algún novo mecanismo de control na evolución dos prezos do combustibles no ámbito das súas competencias?
4. Se é así, cales serían as súas orientacións principais de estas novas

 Grupo Parlamentario

actuacións?

5. Tendo en conta a subida dos prezos que se está a producir, van a mellorar os mecanismos de control e defensa dos consumidores?

6. De que maneira?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/11/2017 13:42:32

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/11/2017 13:42:38

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Orde do 24 de marzo de 2017, ten por obxecto establecer as bases polas que se rexe a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos, así como a convocatoria destas axudas para o ano 2017, con un crédito consignado a través dos orzamentos da Xunta de Galicia dun total de 3.000.000 euros. As axudas consisten, segundo se reflicte na propia orde, en 360 euros cando sexa o primeiro filla ou fillo, 1.200 no caso do segundo, e 2.400 no caso do terceiro e sucesivos.

Centenares de nais e pais galegos puxeron en marcha recentemente unha campaña de denuncia dos atrasos que aseguran estar a sufrir para cobrar esta axuda habilitada pola Xunta de Galicia. Os e as afectadas manteñen que non só non perciben a axuda, senón que tampouco recibiron na maior parte dos casos resposta á solicitude da prestación, a pesar de esgotarse entre setembro e outubro o prazo dado pola Consellería de Política Social para contestar as peticións.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da concesión das axudas para fillas e fillos menores de tres anos, rexidas pola *Orde do 24 de marzo de 2017*?
2. Cantas prestacións económicas se concederon dende a entrada en vigor desta orde?
3. Cantas das solicitudes presentadas obtiveron resposta afirmativa en tempo e forma?
4. Cantas solicitudes están pendentes de responder por parte da Xunta de Galicia?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5. Cantas das solicitudes presentadas polas familias galegas non obtiveron ningún tipo de resposta da Xunta de Galicia?
6. Cal é o tempo medio de tramitación administrativa dende a presentación da solicitude das axudas, á concesión das mesmas?
7. A que se deben os atrasos denunciados na concesión destas axudas?
8. Producíronse estes atrasos en anos anteriores?
9. Que medios humanos, materiais e orzamentarios vai a implementar a Xunta de Galicia para axilizar a concesión destas prestacións económicas?

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 10/11/2017 16:16:57

Julio Torrado Quintela na data 10/11/2017 16:17:04

Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Gudalupe Murillo Solís e María Julia Rodríguez Barreira, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Un dos compromisos adquiridos pola Xunta de Galicia e contido no Plan de Infraestruturas Xudiciais foi a construción dun novo edificio xudicial en Pontevedra, no barrio de A Parda, a carón do actual edificio xudicial. Un investimento dotado cun orzamento de 20 millóns de euros, con capacidade suficiente para albergar adecuadamente tanto os órganos e servizos xudiciais existentes na actualidade como os que poidan ser creados nun horizonte de 15 ou 20 anos, tratando así de adecuar a prestación do servizo público ás necesidades presentes e especialmente ás necesidades futuras.

Unha vez que a Xunta de Galicia dispuso da titularidade da parcela, comezaron a poñerse en marcha todos os trámites: contratación do proxecto, aprobación da licitación, adxudicación e inicio da obra.

O proxecto contempla un inmovible de seis plantas con 21.000 metros cadrados de superficie. Estará comunicado por unha pasarela coa actual sede dos xulgados e permitirá ubicar no mesmo ata 28 unidades xudiciais. A nova sede albergará a xurisdicción non penal: catro xulgados do Social e dous do Mercantil que están na actualidade ubicados no edificio da Audiencia Provincial; tres do Contencioso-Administrativo ubicados na rúa Xermán Adrio, e seis xulgados de primeira instancia que se atopan no actual edificio de A Parda.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte **Pregunta Oral en Comisión:**

-En qué estado se atopa a execución do novo edificio xudicial de Pontevedra?"

Santiago de Compostela, 13 de Novembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 13/11/2017 10:07:05

Paula Prado Del Río na data 13/11/2017 10:07:19

María Isabel Novo Fariña na data 13/11/2017 10:07:51

César Manuel Fernández Gil na data 13/11/2017 10:08:23

Antonio Mouriño Villar na data 13/11/2017 10:08:32

Alberto Pazos Couñago na data 13/11/2017 10:08:48

María Guadalupe Murillo Solís na data 13/11/2017 10:09:00

María Julia Rodríguez Barreira na data 13/11/2017 10:09:23

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático, do 18 de setembro de 2017, pola que se formula o informe de impacto ambiental da planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos no lugar da Furoca, promovido pola empresa GESMAGA, da o visto bo á Declaración de Impacto Ambiental simplificada e ao non sometemento a unha avaliación ambiental ordinaria porque, segundo a Dirección Xeral, non se prevé que se xeren efectos ambientais significativos.

Só cinco días antes fórmulase, ante un proxecto en Santa Icí, concello de Arteixo, unha resolución do 13 de setembro da mesma Dirección Xeral que esixe en cambio, unha avaliación ambiental ordinaria a un proxecto cuxo proceso produtivo é case idéntico, e que é presentado pola mesma empresa, GESMAGA.

Chámanos a atención que para o proxecto do lugar da Furoca non se esixa unha avaliación ambiental ordinaria como xeito de asegurar as máximas garantías ambientais.

Hai que resaltar que hai ben pouco o Partido Popular promoveu unha moción de censura no Concello de Coristanco, que é o responsable de outorgar a licenza municipal a esa planta, nunha actuación que, era vox pópuli, tiña detrás intereses empresariais diante dunha situación de paralización da actividade decretada polo anterior alcalde por carecer as actividades de xestión de residuos da construción e industriais que xa se estaban a realizar de título habilitante.



É público tamén que o anterior alcalde do PP, e alcalde accidental actualmente, está investigado dentro dun procedemento xudicial por presuntamente favorecer os intereses da empresa GESMAGA coa súa acción de goberno.

Por último, nin o estudo das alternativas nin o resto do documento ambiental presentado pola promotora, nin na resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático se fai referencia, mínima sequera, ao Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022 (acordo do Consello da Xunta o 22 de decembro de 2016).

Plan que no seu apartado 4.1.2 precisa que “ *Galicia conta cunha ampla rede de recollida e tratamento de residuos industriais*”, cuantificada en 195 instalacións de almacenamento (capacidade 625.000 tn), 69 de clasificación (821.000 tn) e 369 instalacións de valorización (algo máis de 9 millóns de tn de capacidade) e 22 de eliminación (169.000 tn de capacidade).

Plan no que se conclúe no apartado 5.6 da súa Memoria (“*Necesidades de Infraestruturas de Xestión de Residuos*”) que “*Analizada e diagnosticada a produción de residuos de orixe industrial e a probable evolución da xeración, non se detectan necesidades de implantación de novas infraestruturas de tratamento no período de vixencia do Plan, agás as necesarias para cubrir o mercado derivado do tratamento de BEFVU que, como xa se comentou, resulta de difícil cuantificación*”.

Mais en concreto, e para os residuos industriais non perigosos, na provincia da Coruña hai 89 plantas de valorización, 48 de almacenamento, 37 de clasificación, 3 de eliminación e 7 vertedoiros, tal e como contén a Memoria do dito Plan, con instalacións de alta capacidade como as de Sogarisa en As Somozas, ou outras no concello de Cerceda, entre outras.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:

- 1) Considera que debera de terse en conta no Estudo de Impacto Ambiental e na resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático, do 18 de setembro de 2017, pola que se formula o informe de impacto ambiental da planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos no lugar da Furoca, promovido pola empresa GESMAGA , o Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022, acordo do Consello da Xunta do 22 de decembro de 2016, e concretamente os contidos relativos á dotación de infraestruturas de almacenamento e valorización?
- 2) Considera que o estudo das alternativas está ben feito?
- 3) Como xustifica que nesta resolución non se demande a realización dunha avaliación ambiental ordinaria como si se fixo no caso do proxecto da plante en Santa Icíá?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 13/11/2017 11:21:10

Marcos Cal Ogando na data 13/11/2017 11:21:17

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo e Luís Villares Naveira, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**

A seca non é un fenómeno puntual e extraordinario, senón o síntoma dun cambio climático que se está a producir en todo o planeta. O quentamento global é unha realidade cuxos efectos comezamos a sentir agora de xeito contundente. Por esa razón, é preciso que adoptemos medidas preventivas a medio e a longo prazo co fin de atallalo e de minimizar os seus efectos negativos nas nosas vidas.

Os datos son moi claros ao respecto. O verán pasado choveu un 27% menos que nos anos anteriores, co que encadeamos cinco estacións consecutivas con precipitacións por debaixo da media. Esta situación, xa difícil, agravouse notablemente no mes de outubro, pois só caeron 29,4 litros por metro cadrado, cando a media dos últimos cinco anos é de 136,7 litros. Isto supón un 78% menos de precipitacións.

O efecto que a seca está a ter na economía galega é funesto. A recolección da uva das principais denominacións de orixe minguou, os gandeiros tiveron que recorrer aos pastos que estaban gardando para o inverno e a produción de castaña viuse reducida considerablemente.

No que atinxe á castaña, estimase unha redución da colleita e da facturación próxima ao 70%. Así, mentres que o ano pasado recolléronse preto de 20 millóns



de quilos que supuxeron 35 millóns de euros en ingresos, este outono prevese que a cifra caía a bastante menos da metade.

A calidade do propio produto tamén descendeu, polo que o seu prezo é menor que outros anos. De valer 2 euros o quilo pasou a custar apenas un euro, o que afecta a toda a cadea de venda, dende os postos na rúa ata as trinta empresas de comercialización e as catro industrias de transformación da nosa comunidade.

En total, máis de 10.000 persoas están véndose prexudicadas pola baixada dos prezos e a perda de calidade.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que está facendo e que pensa facer a Xunta de Galicia para protexer á industria da castaña e aos seus traballadores e traballadoras?

Santiago de Compostela, a 13 de novembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Paula Quinteiro Araújo

Luís Villares Naveira

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/11/2017 11:38:43

Paula Quinteiro Araújo na data 13/11/2017 11:38:53

Luis Villares Naveira na data 13/11/2017 11:39:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 12:20
Nº Rexistro: 20155
Data envío: 13/11/2017 12:20:56.415

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á reapertura da explotación mineira cobre San Rafael nos concellos de Touro e o Pino e a utilización de tecnoloxías para restauración de solos.

No ano 1973 iníciase a explotación do xacemento de cobre a ceo aberto nunha extensión de 600Has. nos concellos de Touro e O Pino. A actividade mineira produciu a degradación ambiental da zona posta de manifesto na contaminación por metais pesado e pola acidez das augas dos ríos Pucheiras e Brandelos e do entorno mineiro pola apertura das cortas e a creación de entulleiras de gran tamaño.

No ano 1986 a empresa propietaria da explotación (daquela Río Tinto) abandona a extracción de cobre sen realizar ningunha restauración ambiental dos terreos e as augas.

O problema xerado polas mina queda sen resolver e vese incrementado por unha actuación posterior ao eliminarse, polo novo propietario dos terreos, unha balsa de decantación e unha estación de bombeo que limitaba a contaminación na zona leste da mina. Esta actuación provocou a contaminación por metais pesados e por unha gran acidez do rego Portapego (afluente do Lañas, a súa vez afluente do Ulla).



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 12:20
Nº Rexistro: 20155
Data envío: 13/11/2017 12:20:56.415

Temos polo tanto agora tres ríos contaminados, varias balsas que se formaron nas cortas, abertas e escombreyas de entullos que ademais do impacto visual provocan a acidificación das augas e alta presenza de metais pesados nas mesmas.

Pese os innumerábeis requirimentos (incluídas preguntas e iniciativas neste Parlamento) nunca houbo por parte da Xunta de Galicia un plan nin financiación para resolver este gran problema ambiental.

A principios do presente século a Universidade de Santiago presenta un plan experimental de restauración dos aquíferos e terreos co uso de tecnosoles para o cal se utilizarían diferentes residuos como lodos de depuradoras, restos de matadoiros, cunchas de mexillón, cinzas de caldeiras, cascallos de obras, etc. Créase a empresa TEN para xestionar todos estes residuos. Este plan presenta varios problemas. Por un lado os ríos seguen presentando altos índices de contaminación. Por outro lado a falta dun método de seguimento, control e avaliación deste plan fai que o depósito en grandes cantidades destes residuos por diferentes espazos da antiga explotación e a propia xestión dos residuos pola empresa TEN provoca de forma recorrente un insupportable fedor que afecta as aldeas dos arredores e o propio núcleo de Fonte Díaz.

Así a situación a concesionaria do dereito mineiro vén de solicitar a reapertura da mina para a extracción de cobre e no plan de restauración dos terreos afectados unha vez rematada a vida útil da mina (689 Has.) inclúe a utilización de tecnosoles para a súa rexeneración

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 12:20
Nº Rexistro: 20155
Data envío: 13/11/2017 12:20:56.415

- Fíxose algún seguimento para analizar que consecuencias ten o uso de tecnosoles na restauración de solos degradados?
- Hai algún estudo que asegure que o uso de tecnosoles non engade elementos contaminantes ao solo e as augas.
- Que garantías hai de que a utilización de tecnosoles para a restauración de solos e augas degradados por actividades mineiras é eficaz, tendo en conta que despois de 14 anos do seu uso na antiga explotación mineira, non solucionou o problema de contaminación das augas?
- Considera ese organismo que a utilización de tecnosoles previsto para a restauración dos solos na fase de abandono cando se remate a extracción de mineral que agora se ven de solicitar vai ser suficiente para eliminar os efectos que sobre augas e o solo producirá a mina?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 12:20
Nº Rexistro: 20155
Data envío: 13/11/2017 12:20:56.415

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/11/2017 12:19:38

María Montserrat Prado Cores na data 13/11/2017 12:19:42

Ana Pontón Mondelo na data 13/11/2017 12:19:44

Olalla Rodil Fernández na data 13/11/2017 12:19:45

Noa Presas Bergantiños na data 13/11/2017 12:19:47

Xosé Luis Bará Torres na data 13/11/2017 12:19:48



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 12:21
Nº Rexistro: 20156
Data envío: 13/11/2017 12:21:05.181

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á reapertura da explotación mineira cobre San Rafael nos concellos de Touro e o Pino.

No ano 1973 iníciase a explotación do xacemento de cobre a ceo aberto nunha extensión de 600Has. nos concellos de Touro e O Pino. A actividade mineira produciu a degradación ambiental da zona posta de manifesto na contaminación por metais pesado e pola acidez das augas dos ríos Pucheiras e Brandelos (afluente do Ulla) e do entorno mineiro pola apertura das cortas e a creación de entulleiras de gran tamaño.

No ano 1986 a empresa propietaria da explotación (daquela Rio Tinto) abandona a extracción de cobre sen realizar ningunha restauración ambiental dos terreos e as augas.

O problema xerado polas mina queda sen resolver e vese incrementado por unha actuación posterior ao eliminarse, polo novo propietario dos terreos, unha balsa de decantación e unha estación de bombeo que limitaba a contaminación na zona leste da mina. Esta actuación provocou a contaminación



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 12:21
Nº Rexistro: 20156
Data envío: 13/11/2017 12:21:05.181

por metais pesados e por unha gran acidez do rego Portapego (afluente do Lañas, a súa vez afluente do Ulla).

Levamos polo tanto trinta anos soportando unha contaminación por metais pesados, sulfuros e acidez en todos os regatos que circulan polo entorno da antiga explotación mineira e en dous ríos tributarios do Ulla e a conseguinte afectación a este río, o segundo máis grande de Galiza, que subministra de auga potable a unha parte importante da poboación das provincias de A Coruña e Pontevedra e conforma a ría máis grande de Galicia e unha das máis produtivas.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Ten realizado ese organismo algún estudo sobre a potabilidade das augas que nacen ou discorren polo entorno mineiro e polo propio río Ulla?
- Ten realizado algún estudo ou algunha analítica sobre cal é a incidencia que esta contaminación ten no río Ulla, en concreto en canto a acidez, presenza de metais pesados e sulfuros?
- Ten realizado algún estudo sobre como afecta esta contaminación a produtividade marisqueira e pesqueira da ría de Arousa?
- Ten valorado como vai a afectar á calidade das augas o novo proxecto de reapertura da mina de cobre nos concellos de Touro e O Pino?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 12:21
Nº Rexistro: 20156
Data envío: 13/11/2017 12:21:05.181

- Cal é a postura dese organismo e que medidas vai adoptar ante este proxecto?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/11/2017 12:13:25

María Montserrat Prado Cores na data 13/11/2017 12:13:38

Ana Pontón Mondelo na data 13/11/2017 12:13:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 12:21
Nº Rexistro: 20156
Data envío: 13/11/2017 12:21:05.181

Olalla Rodil Fernández na data 13/11/2017 12:13:42

Noa Presas Bergantiños na data 13/11/2017 12:13:43

Xosé Luis Bará Torres na data 13/11/2017 12:13:45

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 7.^a**

O pronunciamento da OMS pretende alertar do perigo real que constitúen as bacterias resistentes. Algunhas bacterias causantes de infeccións severas nas persoas xa desenvolveron resistencia á maioría ou a tódolos tratamentos coñecidos, polo que resulta moito máis complexo combatelas. A ameaza potencial que isto entraña para saúde, así como a urxencia de facerlle fronte, é clara, xa que as bacterias poden instalarse nos seres humanos a través dos alimentos e do medio ambiente.

A OMS non solicita que se prohiba o uso de antibióticos en animais, senón que se regule, de tal xeito que só sexan consumidos polos animais enfermos que os precisen, avaliando primeiro cal é o antibiótico máis efectivo e prudente dos dispoñibles.

Tendo en conta o peso que o gando ten na economía e cultura galegas, é preciso que a Xunta de Galicia execute un plan prolongado no tempo que garanta que a nosa carne está libre de antibióticos. Non se pode competir no mercado a calquera prezo e, dende logo, non se pode competir a costa da saúde dos consumidores.



Por todo o exposto, os deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a:

- Que medidas está a tomar a Xunta de Galicia para garantir que a carne galega está libre de antibióticos?

Santiago de Compostela, a 13 de novembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/11/2017 12:24:46

Paula Quinteiro Araújo na data 13/11/2017 12:24:55

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª**.

Coa finalidade de limpar a súa mala imaxe, o Goberno da Xunta dedicou máis de 77.000 euros de tódolos galegos e galegas a un anuncio impreso que reproducía as declaracións de Núñez Feijóo do luns día 16. Ditas declaracións centrábanse en responsabilizar a os “terroristas incendiarios” dos lumes que asolaron Galicia a fin de semana do 15 de outubro. A día de hoxe, continuamos sen ter ningunha proba da existencia de tales terroristas.

No ano 2006, a Fiscalía Superior de Galicia realizou un informe para determinar cales foran as causas da vaga de lumes que ese ano calcinara máis de 95.000 hectáreas. O informe actualizouse nos anos 2010 e 2011. En tódolos casos, a Fiscalía concluíu que non existía ningún tipo de organización criminal tralos incendios. Agora, o fiscal delegado de Medio Ambiente, Álvaro García Ortiz, defende que se repiten as mesmas pautas e patróns que se produciron no pasado, e que, polo tanto, non temos ningunha razón para mudar a nosa opinión no que atinxe ás causas dos lumes.

O único detido ata o momento, un home que cometeu unha imprudencia mentres asaba chourizos, tampouco permite pensar que exista ningún tipo de intencionalidade criminal na orixe do fogo.

O sector da madeira decántase tamén pola hipótese de que o problema real dos montes galegos é a ausencia de políticas forestais e agrarias acordes ao noso



entorno, así como a despoboación do rural e o nulo interese institucional por apoiar unha economía forestal sostible a longo prazo.

Temos, polo tanto, boas razóns para pensar que as declaracións de Núñez Feijóo, impresas con cartos públicos, foron, ademais de precipitadas e oportunistas, radicalmente falsas.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que opinión lle merece ao Goberno da Xunta as declaracións do fiscal delegado de Medio Ambiente, contrarias á hipótese do terrorismo incendiario defendida por Núñez Feijóo?
- Descartado o terrorismo incendiario como causa dos lumes, cal é a opinión do Goberno acerca da orixe dos incendios?

Santiago de Compostela a 13 de novembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estevez,
Paula Quinteiro Araújo
Deputado e deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/11/2017 12:36:57

Paula Quinteiro Araújo na data 13/11/2017 12:37:05



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a, relativa ás probas do CELGA.

O pasado 4 de abril a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria fixo pública a resolución do 24 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2017. Resolución que fixou as datas de celebración das probas para este mes de xuño, e os lugares de convocatoria, reducidos soamente a dous: Santiago de Compostela e Ponferrada. Unha recentralización que dificulta moito que as persoas podan realizar unhas probas necesarias tanto para convocatorias públicas de emprego como para cursos do INEM e que tamén se deixou sentir nos propios cursos de preparación. Deste xeito, no presente ano, e por mor da ausencia de planificación da Xunta de Galicia, cursos do CELGA foron suspendidos en Monforte, Sarria, Carballiño, Verín e Xinzo de Limia, deixándoa moitos e moitas interesadas sen a posibilidade de seguir este curso cerca das súas localidades. De feito, a demanda é tan alta que xa podemos atopar academias privadas que ofertan este tipo de formación que vén a ocupar o baleiro de funcións por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Sen embargo, mentres tanto, o profesorado dependente da Dirección Xeral de Política Lingüística vive nunha enorme precariedade con contratos de media xornada duns tres meses de duración, e coa aplicación duns restritivos criterios de incompatibilidade que acaban dificultando a provisión das prazas. É sinalable que tras recoñecérselle xudicialmente a súa condición de persoal laboral indefinido non fixo discontinuo, un grupo de 62 ex-traballadores colaboradores pasou a formar parte do cadro de persoal da Consellería e dende



ese momento reduciuse considerablemente a oferta de cursos.

Á escaseza de oferta formativa hai que sumar, tamén, a escaseza de convocatorias. A falta dunha convocatoria dobre ou a posibilidade de exames de recuperación fai que as persoas candidatas só teñan unha posibilidade ao ano de acceder ao certificado CELGA, o que supón un período de ano demasiado longo para un certificado tan necesario.

Pero non só debemos preocuparnos de ter poucas probas, senón, sobre todo, da falta de garantías das mesmas que xeran incerteza e inseguridade entre os participantes. Falta de garantías porque as persoas examinadas non saben, a tal punto, que persoas están detrás das súas cualificacións toda vez que as segundas e terceiras revisións, así como as reclamacións, en lugar de ser feitas polo persoas do que dispón a Secretaría Xeral con formación específica, son, supostamente, realizadas por unha comisión avaliadora da que non hai información ningunha, alén do establecido no artigo 5 da orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

Artigo 5.- Comisión Central de Avaliación.

1. A Secretaría Xeral de Política Lingüística nomeará unha Comisión Central de Avaliación que se responsabilizará das seguintes funcións:

- a) Programación das probas e proposta de convocatoria á Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- b) Elaboración dos exames.
- c) Avaliación daquelas probas que lle corresponda.
- d) Elaboración de actas do resultado das avaliacións.



2. A Comisión Central de Avaliación das probas estará composta polos seguintes membros, nomeados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística entre expertos na avaliación do coñecemento da lingua galega:

- a) Presidente/a.
- b) Secretario/a.
- c) Cinco vogais.

3. O nomeamento dos membros da Comisión Central de Avaliación terá unha vixencia anual.

Sen embargo, nada se sabe sobre os criterios de nomeamento, en moitas ocasións tampouco sobre as persoas que a compoñen, cales son os criterios de corrección ou cal é a remuneración asignada por formar parte desa comisión.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1. Cantos cursos de preparación do CELGA se realizaron anualmente dende 2009?
- 2. En que lugares?
- 3. Por que os lugares de convocatoria de probas en Galicia se reduciron a Santiago de Compostela?
- 4. Por que din que anulaban cursos por falta de profesorado, cando saben perfectamente que iso foi debido á mala planificación desta formación por parte da SXPL?
- 5. Cales son os criterios para a designación da comisión avaliadora?



6. Como é posible que as persoas encargadas da avaliación non sexa filólogas?
7. Cal é a remuneración que perciben as persoas que conforman dita comisión?
8. Que motivos xustifican que as probas sexan elaboradas e avaliadas por persoas que non teñen vínculo ningún nin cos departamentos de galego das universidades, nin coa Real Academia Galega nin con, en fin, ningunha das entidades centradas na defensa da nosa lingua?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 13/11/2017 13:37:45

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/11/2017 13:37:53

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.^a**, sobre a redacción do proxecto recuperación de pastoreo no Macizo Central.

O pasado venres 17 de marzo de 2017, a Conselleira de Medio Rural, a Sra. Ángeles Vázquez, visitou, acompañado polo alcalde de Chandrexa de Queixa, D. Francisco Rodríguez a delegada da Xunta en Ourense, Marisol Díaz; e o deputado valdeorrés Moisés Blanco, unha explotación de gando vacún no Concello de Queixa e anunciou que destinará 800.000 euros a un plan de pastoreo no Macizo Central.

Dito plan terá un desenrolo de dous anos e destinarase a ordenar e por en valor o aproveitamento de toda a zona, así como mellorar a loita contra os incendios forestais.

Dende en Marea, estamos totalmente de acordo con que se invista no medio rural e que sexan as nosas agricultoras e gandeiras as principais beneficiadas para así poder desenrolar a súa actividade dunha forma máis sostible e con máis garantías. Pero tamén creemos que o falar dunha inversión de 800.000€, e que segundo dixo a conselleira de Medio Rural no pleno ordinario do Parlamento de Galicia do día 21 de marzo de 2017, a inversión sería para todo o Macizo Central, non se debe facer de costas aos sectores implicados, así como



denunciamos dende En Marea en diversas iniciativas presentadas o 22 de marzo do actual ano.

A sorpresa xurde cando un xornal fai público que a redacción do proxecto sobre a recuperación do pastoreo no Macizo Central a está a facer Xóvenes Agricultores de Pontevedra, presuntos implicados en delitos de falsidade documental e alzamento de bens.

Polo exposto anteriormente dende En Marea formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- É certo que a redacción de dito proxecto a está realizando esta empresa?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/11/2017 13:35:41

Paula Quinteiro Araújo na data 13/11/2017 13:35:53

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo e Luís Villares Naveira, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A recente vaga de lumes que asolou boa parte de Galicia, incluíndo zonas densamente habitadas, calcinou extensas superficies nas cabeceiras ou na contorna de mananciais, captacións de auga, ríos e encoros tanto hidroeléctricos como de abastecemento de auga ás poboacións, polo que existe o risco de que as cinzas, carbóns e sedimentos arrastrados polas choivas ocasionen a contaminación dos cursos e masas de auga, incluídas as empregadas para abastecemento humano e animal.

Os hidrocarburos aromáticos policíclicos son un grupo de máis de 100 sustancias orgánicas químicas diferentes que se forman durante a combustión incompleta do carbón, petróleo, lixo e outros produtos orgánicos; tamén poden ser produtos industriais empregados na construción, tinturas e pesticidas. Moitos HAPs son contaminantes orgánicos tóxicos, persistentes e bioacumulables, que en maior ou menor medida teñen (ou se sospeita que teñen) efectos carcinoxénicos ou mutaxénicos. Os HAPs tamén se orixinan en grandes cantidades durante os incendios forestais e logo son arrastrados polas choivas cara aos cursos e masas de auga, ata o punto de que unha recente publicación científica empregou as súas concentracións en sedimentos dun lago para elaborar un rexistro histórico de incendios na súa bacía (Denis et al., 2012).



A presenza en praias e sedimentos de encoros galegos de HAPs orixinados con toda probabilidade por incendios forestais xa está comprobada cando menos por dous estudos:

No Estudo de Impacto Ambiental da "Central reversible Salas-Conchas" detectáronse niveis moi elevados de HAPs nos sedimentos recollidos preto do muro de presa do encoro das Conchas (río Limia).

Nunha investigación sobre os niveis de HAPs nos ovos das píllaras das dunas (*Charadrius alexandrinus*) que crían nas praias do noroeste ibérico (Vidal et al., 2011) detectouse un incremento de 5 veces na concentración de HAPs despois da vaga de lumes de 2006, que tivo uns efectos maiores nos niveis de HAPs que a marea negra do Prestige.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea fai a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Está a Xunta de Galiza analizando os niveis de hidrocarburos aromáticos policíclicos e elementos traza nas augas e nos sedimentos dos encoros nas zonas afectadas pola recente vaga de lumes forestais?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Luís Villares Naveira

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/11/2017 14:02:22

Paula Quinteiro Araújo na data 13/11/2017 14:02:29

Luis Villares Naveira na data 13/11/2017 14:02:36

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a, relativa ao investimento mínimo en ensino.

Despois de dúas lexislaturas de recortes reiterados que fixeron do ensino un dos servizos públicos que máis padeceu os tesoirazos do Partido Popular constatamos os efectos directos sobre o dereito ao ensino. Hoxe temos menos profesorado, menos aulas, e, en definitiva, menos recursos para garantir un dereito fundamental.

Neste senso, resulta revelador analizar a evolución das partidas sociais sobre o PIB, un 23% máis pequenas que cando o Partido Popular chegou ao goberno. O mesmo acontece no investimento no ensino que pasou de supoñer un 4,62% do PIB no 2009 a un previsible 3,59% para o vindeiro ano, de acordo coas propias estimacións do goberno. Unha cifra que nos sitúa cinco puntos por debaixo da media estatal, malia que o Estado español é xa o quinto pola cola de toda Europa. É dicir, que o investimento en ensino en Galicia afástase da media dos países europeos, continúa perdendo peso respecto á evolución da economía total, malia que as diversas comunidades educativas continúan demandando solucións a necesidades urxentes como maior dotación de persoal, diminución das ratios, incremento das bolsas educativas, melloras e reformas dos centros, e un longo etcétera de demandas insatisfeitas.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Que valoración lle merecen ao Goberno galego estes datos?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017.



Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 13/11/2017 16:56:04

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/11/2017 16:56:12

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**, sobre a inmediata posta en marcha do Centro de Día de Cambados.

No Proxecto de Lei de Orzamentos da Xunta para 2018, na Memoria do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, sinálase que un dos Centros de Atención ás persoas maiores que se porá en marcha en 2018 será o de Cambados, que xa figuraba nos Orzamentos de 2017, indicando que, neste ano 2017, sería un dos novos centros de día que se poría en funcionamento.

O centro de día de Cambados é unha demanda social, nun concello con 2.803 persoas maiores de 65 anos (2016), e unha promesa do PP longamente incumprida.

En 2010, a daquela Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, anuncia a construción desta infraestrutura social, cunhas corenta prazas, en terreos municipais.

As obras, nas que se gastaron uns 800.000 € de fondos autonómicos, non foron iniciadas ata 2014, sendo o 9 de novembro de 2015 cando representantes da Xunta acoden a Cambados para certificar a realización do edificio, sen ter avisado ao Concello de Cambados.

Tras infrutuosas preguntas por parte da Concellaría de Servizos Sociais, Sanidade e Terceira Idade do Concello de Cambados á Xunta, o 7 de decembro de 2015, a Xunta recomenda ao Concello de Cambados que se incorpore ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, o que o Concello acepta e executa, a



diferenza do Goberno municipal do PP, que en 2007 rexeitou adherir o Concello de Cambados a dito Consorcio.

Nos Orzamentos da Xunta para 2016, na partida para Cambados relativa a persoas maiores e dependentes, a Xunta só consigna 12,99 €.

En novembro de 2016, a Xunta comprométese a abrir o centro “o antes posible”, sinalando a data de marzo de 2017.

En marzo de 2017, Xunta e Concello de Cambados asinan un convenio para sacar a concurso a compra de material do centro, achegando o Concello 20.000 €, para o cal a administración local dispón partida orzamentaria.

Nos Orzamentos da Xunta de 2017 si se inclúen partidas para a xestión e equipamento do Centro de Día de Cambados pero o anuncio da licitación para a contratación da subministración para o equipamento non se publica ata o 8 de xuño de 2017.

O pasado 6 de novembro de 2017, na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galiza, o Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez Muíños, e a Deputada do Partido Popular Marta Rodríguez Arias faltaron á verdade en relación ao Centro de Día de Cambados. O primeiro, porque afirmou que o edificio xa estaba equipado, e a segunda porque dixo que existía un convenio asinado polo Concello e a Deputación para equipalo, cando ningunha das dúas cousas é certa.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asinou dous convenios co Concello: un para o equipamento e amoblado do Centro de Día e outro para licitar a súa xestión. O procedemento para equipar e amoblar o edificio comezou o 2 de xuño e rematou o 16 de outubro, pero o centro, a día de hoxe, segue sen estar amoblado ou equipado. No relativo á licitación da xestión, non consta en ningures que ese procedemento se iniciara.



Polo exposto, a deputada que subscribe pertencente ao Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a:

1 - Cando ten pensado acometer a apertura do procedemento de licitación da xestión do Centro de Día de Cambados?

2 - A que se debe a demora na posta en funcionamento do Centro de Día de Cambados?

3 - Non lle parece á Xunta unha ineficiente xestión o feito de que, na Memoria do Consorcio de Igualdade e Benestar, se prometa a apertura do Centro de Día de Cambados para o ano 2017, se incumpra esta promesa, e se volva prometer para o ano 2018, sen facer comentario algún sobre as causas deste retraso?

4 - Ten intención a Xunta de alongar os prazos ata a véspera das eleccións municipais de 2019?

5 – Que valoración fai a Xunta sobre as afirmacións falsas que a respecto do Centro de Día de Cambados se pronunciaron o 6 de novembro de 2017, na Comisión 3^a de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galiza, por parte da Xerencia do Consorcio de Igualdade e Benestar?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 13/11/2017 17:53:20



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2017 13:48
Nº Rexistro: 20228
Data envío: 14/11/2017 13:48:24.727

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Este ano que finaliza foi presentado o Pladiga en plena temporada de risco de lumes o que supón unha contradición, pois se se trata dun plan con propostas e solucións de cara á prevención e extinción de lumes, o lóxico sería que dese tempo a esa prevención e a preparar o operativo de extinción en tempo.

Tamén é de destacar que o Pladiga, ano tras ano, consolídase coma un corta e pega con poucas novidades dun ano para outro, elaborado por unha empresa e que dá coma resultado un documento que so serve para aparentar que se fai o que non se fai.

Ó noso entender, o PLADIGA debe ser o resultado da avaliación e reflexión seria sobre a temporada anterior analizando e avaliando a prevención feita, o comportamento do dispositivo de extinción, metereoloxía, condicións climáticas, número de lumes, virulencia dos mesmos, superficie queimada... Reflexión e avaliación que debера ser feita polos axentes sociais relacionados co monte e co variopinto operativo de prevención e extinción...que tras os



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2017 13:48
Nº Rexistro: 20228
Data envío: 14/11/2017 13:48:24.727

pertinentes informes e reunións de debate puideran sacar á luz un Pladiga operativo, que respondese a unha realidade cambiante e que fose o instrumento estrela para a temporada seguinte.

Sería tamén acaído que ó longo do inverno fosen feitas inspeccións formais sobre o estado dos montes atendendo ó risco de propagación de incendios, franxas de protección a núcleos e infraestruturas e se rendesen informes do mesmo atendendo á estrutura de distritos forestais, e grazas a eles fosen informados os propietarios dos montes que tivesen algún incumprimento ou situación de risco.

Nesta mesma liña e atendendo a unha prevención necesaria previa ó período de risco, as subvencións para prevención de lumes deberan saíren en tempo, é dicir a primeiros de inverno e deberan tamén seren resoltas con tempo dabondo para materializalas en época de baixo risco de lumes, non dándose o paradoxo de estar facendo prevención en plena época de perigo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que tipo de inspección se realiza sobre o estado dos montes dende o punto de vista dos riscos de propagación de incendios? Que información e indicacións reciben os titulares das terras?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é a razón pola que se aproban en pleno verán as subvencións para prevención dos lumes forestais?

- Cantos propietarios forestais e cantas comunidades de montes reciben fondos para prevención?

- Cal é a razón de non debater coas organizacións sociais unha avaliación dos resultados da tempada de lumes no inverno reelaborando así o Pladiga do ano seguinte, e sempre se publica este en xuño-xullo, como un copiar-pegar anual e en plena tempada de verán?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2017 13:48
Nº Rexistro: 20228
Data envío: 14/11/2017 13:48:24.727

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/11/2017 13:42:00

Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2017 13:42:06

María Montserrat Prado Cores na data 14/11/2017 13:42:12

Olalla Rodil Fernández na data 14/11/2017 13:42:15

Noa Presas Bergantiños na data 14/11/2017 13:42:19

Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2017 13:42:22

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Representantes de todos os sindicatos con representación entre o persoal dos edificios xudiciais de Galicia (SPJ-USO, CUT, UGT, CSIF, STAJ, CIG e CCOO) veñen celebrando asembleas nos últimos tempos, nas que teñen acordado iniciar mobilizacións ao longo dos vindeiros meses, que ata poderían chegar a unha posible folga indefinida. O primeiro será unha concentración ante as sedes xudiciais das 7 cidades o día 16 de novembro, unha folga xeral os días 1 e 13 de decembro e, se estas medidas non resultan, a posibilidade dunha folga indefinida a finais de xaneiro. Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza non entende o significado da palabra diálogo.

As protestas van ser secundadas por todos os e as traballadoras, salvo xuíces e fiscais, para reclamar ao Goberno da Xunta de Galicia que acabe coa discriminación con respecto aos e ás funcionarias do sector noutras comunidades, en cuestións como o complemento autonómico transitorio, descontos por incapacidade laboral ou substitucións. Como dato, o persoal funcionario de Xustiza de Galicia, entre 2013 e 2016, perderon de media o equivalente a 3 pagas extraordinarias.

A maiores, reclaman que a Dirección Xeral de Xustiza fixe, xunto cos sindicatos, os órganos e as localidades onde se van consolidar as prazas de reforzo e queixanse da eliminación dunhas 106 prazas dende o ano 2012, o que supón maior carga de traballo, seccións das audiencias provinciais atascadas e problemas á hora da execución das sentenzas, entre outros.

Finalmente, todo isto incide na peor calidade do servizo da Xustiza á cidadanía.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a opinión do Goberno galego respecto das reclamacións dos sindicatos con representación entre o persoal dos edificios xudiciais de Galicia?
2. Que vai facer o Goberno galego ante as mobilizacións anunciadas ao longo dos vindeiros meses?
3. Vai equiparar o Goberno galego os salarios das persoas traballadoras de Xustiza coa media do resto de comunidades autónomas? Cando?
4. Vai consolidar o Goberno galego as prazas que responden a necesidades estruturais? Cando?
5. Vai repoñer o Goberno todas as prazas que foron amortizadas? Cando?

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/11/2017 13:58:02

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 14/11/2017 13:58:09

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/11/2017 13:58:13



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**.

A evolución da licitación pública en Galicia de xaneiro a setembro é moi negativa, tanto en valores absolutos como en termos comparados coa media do Estado.

Nos nove primeiros meses do ano a licitación redúcese en Galicia de forma moi notable mentres que no conxunto do Estado se incrementa de forma significativa.

Nos tres primeiros trimestres de 2017 a licitación oficial do conxunto das administracións públicas en Galicia cae o 50,4% en comparación co mesmo período de 2016. Un desplome da licitación enorme que é aínda máis difícil de entender tendo en conta que no conxunto do Estado a licitación aumentou o 16%.

Expresado en cifras absolutas a licitación retrocede en Galicia en 379 millóns de euros mentres que no conxunto do Estado se incrementa en 1.118 millóns de euros.

Este diferencial negativo que sofre Galicia non é fácil de entender, en especial porque somos a comunidade autónoma que ten peor evolución das 17 que conforman o Estado. Só hai tres comunidades autónomas nas que cae a licitación, en dúas estancase e nas 12 restantes incrementase, e nalgúñas delas de forma moi destacada.



O 50% de retroceso que sofre Galicia fai de nós a peor entre as 17, seguidos de A Ríoxa e Asturias, comunidades nas que a licitación cae o 37% e o 24% respectivamente.

Como se dixo, o diferencial coa media española é significativa, porque no Estado de media a licitación incrementouse o 16%, pero esta cifra queda pequena ante os territorios coa evolución máis positiva: Andalucía crece o 43%, Aragón o 57%, Cantabria o 92% e Navarra na que a licitación medrou o 168%. Mesmo en Cataluña a licitación pública se incrementou o 22% nos nove primeiros meses dun ano tan convulso como está sendo o 2017 nesa comunidade autónoma.

Que Galicia caia, mentres que na media do Estado medra a licitación pública, necesita unha explicación, pero que sexamos a comunidade autónoma coa peor evolución das 17 fai que a explicación teña que ser detallada e urxente.

Polo anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Como explica a Xunta de Galicia que a licitación pública de xaneiro a setembro de 2017 se reduza máis do 50%, en comparación co mesmo período de 2016, facendo de Galicia a peor comunidade autónoma na evolución da licitación do conxunto das administracións públicas?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2017

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 14/11/2017 17:28:29

Antón Sánchez García na data 14/11/2017 17:28:33



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2017 11:31
Nº Rexistro: 20257
Data envío: 15/11/2017 11:31:58.122

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Os montes veciñais en man común son restos de antigas titularidades colectivas. A súa titularidade corresponde a veciñanza comuneira, independentemente de quen a forme nun momento dado. Entendida a veciñanza non como un ente administrativo, senón como un grupo social. Os montes en man común son titularidades sen asignación de cuotas e xa que logo, non poden herdarse nin transmitirse.

Os montes veciñais en man común son titularidade de carácter xermánico e xa que logo, imprescritíbeis, indivisíbeis, inalienábeis e inembargábeis. Son outra forma de posuír que temos os galegos e as galegas. Son un sinal de identidade de Galiza.

A xestión, a administración e a posta en valor dos montes veciñais en man común, non pode levarse adiante de xeito individual. Ten que ser tomada de xeito democrático nas asembleas xerais das comunidades de montes veciñais en man común.

Fica claro que, pola súa orixe, natureza e funcionamento, os montes veciñais en man común non son nin titularidades pública, nin titularidades privadas. Son titularidades colectivas, veciñais, comunitarias. Sen embargo, e de xeito errado, en todas as lexislacións, tanto estatais como autonómicas, os montes veciñais en man común están adscritos aos montes de titularidade privada.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2017 11:31
Nº Rexistro: 20257
Data envío: 15/11/2017 11:31:58.122

Os montes veciñais en man común non poden ser considerados como reliquias do pasado. En Galiza son realidades plenas e vixentes.

De feito, existen o redor de 3.000 comunidades de montes, están xestionados democraticamente por uns 250 mil veciños e veciñas comuneiros e ocupan un cuarto do territorio galego (unhas 700 mil hectáreas).

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

Pensa a Xunta abordar e propiciar o recoñecemento da singularidade dos montes veciñais en man común?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2017 11:31
Nº Rexistro: 20257
Data envío: 15/11/2017 11:31:58.122

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/11/2017 11:30:48

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2017 11:30:52

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2017 11:30:57

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2017 11:31:01

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2017 11:31:05

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2017 11:31:09

A Mesa do Parlamento

Moisés Blanco Paradelo, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández e Sandra Vázquez Domínguez, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Coa intención de promover a implantación da Industria 4.0 en varios sectores estratéxicos da economía galega, o Clúster TIC e a Xunta de Galicia impulsaron a elaboración de diferentes Plans Sectoriais para analizar o potencial e as necesidades de mellora competitiva que as TIC poden achegar ás empresas galegas en materia de conectividade, dixitalización, Big Data, e o Internet das Cousas.

As conclusións foron claras, destacando a necesidade de apostar pola especialización con solucións TIC específicas para cada sector; a cooperación para crear alianzas estratéxicas; e o pensamento global, deseñando produtos que poidan ser exportados.

Dende o Grupo Popular estamos convencidos de que a dixitalización debe estar integrada, dunha forma importante e constante, en todos os sectores estratéxicos galegos, e por iso consideramos que o sector TIC ten que ser unha peza chave no percorrido da industria galega cara á Industria 4.0, que poida ser máis competitiva e xerar novas oportunidades laborais.

Tendo en conta as conclusións extraídas dos Plans Sectoriais anteriormente citados, e coa intención de avanzar na modernización e innovación tecnolóxica do tecido empresarial galego sería moi positivo a transmisión destas e outras experiencias a todos os sectores estratéxicos de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas está poñendo en marcha a Xunta de Galicia para activar servizos e incentivos específicos e facilitar a localización de oportunidades de mellora e a aplicación de sistemas e solucións TIC nas empresas dos principais sectores estratéxicos da economía galega?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 15/11/2017 12:34:12

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/11/2017 12:34:20

Maria Antón Vilasánchez na data 15/11/2017 12:34:28

María Isabel Novo Fariña na data 15/11/2017 12:34:34

Marta Novoa Iglesias na data 15/11/2017 12:34:43

Cristina Isabel Romero Fernández na data 15/11/2017 12:34:50

Sandra Vázquez Dominguez na data 15/11/2017 12:34:58



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**.

O único que ao Partido Popular lle gusta máis que facer cumprir a Constitución é vulnerala sistematicamente, sobre todo no que atinxe aos dereitos sociais. O artigo 50 reza:

“Os poderes públicos garantíranlles, mediante pensións axeitadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns na terceira idade. Tamén, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio”.

O Goberno de Rajoy leva anos incumprindo este artigo, afogando coas súas políticas de austeridade aos pensionistas, que viron recortada a súa capacidade adquisitiva, e metendo a man no Fondo de Reserva. Ao Partido Popular non lle preocupa se os nosos maiores poden acceder a un retiro tranquilo, moito menos se os futuros xubilados e xubiladas poderemos aspirar a unha pensión digna.

Como un elemento máis desta estratexia a día de hoxe as persoas cotizantes non teñen xeito de saber cal será o importe aproximado da súa futura pensión, polo que, de facto, o Partido Popular está a infrinxir o seu dereito fundamental á información. Lonxe queda a Lei de 2011 para a reforma da Seguridade Social na que se prometía que tódolos cidadáns ían recibir unha carta coa estimación do



diñeiro que ingresarían ao retirarse. A súa finalidade era que a cantidade non pillase a ninguén por sorpresa. A carta ía incluír a idade legal de xubilación que lle correspondía ao cotizante, a data na que podería acceder ao retiro ordinario, os períodos de cotización necesarios para elo e o importe anual e mensual da pensión estimado en euros constantes e calculado sobre 14 pagas.

A proposta foi deseñada en tres etapas. Na primeira, recibirían a carta só os maiores de 50 anos. A iniciativa foi anunciada por Fátima Báñez no 2013 para ser aplicada no 2014 e contaba con chegar a 5,3 millóns de persoas. Na segunda etapa, o colectivo perceptor da carta ampliaríase aos maiores de 40, chegando a 10,8 millóns de persoas en 2015. Na terceira etapa, xa no ano 2016, todo ocupado que tivera cotizados cinco anos ou máis recibiría o sobre con independencia da súa idade, o que suporía informar a 17,6 millóns de persoas.

A realidade, non obstante, é ben distinta. Neste momento, só seis millóns de españois coñecen –daquela maneira– cales serán as condicións da súa xubilación. Trátase da terceira parte das persoas cotizantes que o Goberno tiña previsto ter informado en 2016. Así o recoñeceu o propio secretario de Estado da Seguridade Social, Tomás Burgos.

Dicimos que as persoas “informadas” coñecen as condicións da súa xubilación “daquela maneira” porque, en realidade, non as coñecen nin sequera de xeito aproximado. O que fixeron foi calcular a súa pensión futura empregando un simulador colgado no portal do Ministerio de Emprego “Tu seguridad social”. Non obstante, o simulador non desconta o factor de sostibilidade introducido no ano 2019, que rebaixa a pensión en función da esperanza de vida, polo que arroxa resultados inflados ata un 15,6%. O factor de sostibilidade, xunto co de revalorización, que incrementa as pensións por debaixo da inflación, mingando



a capacidade adquisitiva dos pensionistas, son instrumentos para aplicar os recortes que o PP está efectuando nas pensións de xubilación.

A renuncia á transparencia en materia de pensións fainos pensar que o Goberno incumpre a súa obriga legal de informar á cidadanía de cal vai ser a súa pensión, porque os recortes que está aplicando provocan unha caída real da futura pensión de tal dimensión que provocaría a indignación social o seu coñecemento. Por iso a oculta. Iso explicaría a súa opacidade, tan fora de lugar cando do que se trata é de administrar os cartos de todos e todas nós.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que opinión lle merece a Xunta de Galicia que o Goberno central vulnere o dereito á información dos galegos e das galegas ao non comunicarlles o estado das súas pensións futuras? Que avaliación fai da súa opacidade?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Paula Vázquez Verao

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 15/11/2017 13:42:10

Antón Sánchez García na data 15/11/2017 13:42:17

Paula Vázquez Verao na data 15/11/2017 13:42:24



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

En Galicia, as urxencias médicas e as emerxencias son atendidas polo 061 e o 112 respectivamente.

Por unha decisión que carece de criterio técnico e unicamente responde a unha cuestión estritamente política, como así foi recoñecido por parte do Vicepresidente da Xunta e o Conselleiro de Sanidade ás traballadoras e traballadores de ambos servizos, acórdase o traslado das mesmas de Santiago a un novo edificio na Estrada. Todo isto, nun contexto de falta total de información ao persoal e carencias na nova plataforma ao quedar colgada na entrada de chamadas.

O traslado do 112 que tivo lugar fai uns meses, estivo marcado por unha folga indefinida do persoal en defensa dos seus dereitos laborais así como en denuncia das carencias da nova plataforma. Si ben é certo que a folga foi levantada ao conseguir parte das demandas en relación aos dereitos laborais, os problemas na plataforma continúan, poñendo en risco un servizo importantísimo para a poboación. Ademais, as traballadoras e traballadores están a denunciar actualmente a falta de cumprimento dos acordos acadados.

No caso do 061 o traslado aínda no tivo lugar, pero as condicións semellan moi parecidas ás vividas polo 112. O persoal do 061 denuncia a falta de información sobre o traslado, as datas ou condicións do mesmo.

A opacidade da Consellería de Sanidade en relación a este tema é absoluta, non só co persoal se non tamén no propio Parlamento ao ter ignorando esta cuestión



cando foi preguntado ata en dúas ocasións por esta deputada na comparecencia dos orzamentos.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- **Que pensa facer a Xunta en relación ao custo que vai a ter que soportar o persoal co traslado?**
- **Teñen pensado sentarse a negociar as condicións?**
- **Van a constituír unha mesa de negociación xunto co persoal e a empresa?**
- **Por que non informan ao persoal sobre as condicións ou datas do traslado?**
- **Pensan facer desaparecer o teléfono do 061?**
- **Cales son os protocolos que se van a utilizar para o traslado?**
- **Non lles preocupa as denuncias sobre os fallos da plataforma?**

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Eva Solla Fernández na data 15/11/2017 18:24:48

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a.

O Centro de Saúde de Gondomar leva comprometido dende fai dúas lexislaturas, tempo no que o Partido Popular perdeu os fondos europeos para a súa construción. A día de hoxe, aínda non está construído e o seu proxecto foi reducíndose paulatinamente en relación ás prestacións sanitarias do propio centro.

Debatida esta iniciativa na Comisión 5^a, celebrada o 9 de novembro do presente ano, dende o Partido Popular manifestouse que existían problemas en relación á obra do centro.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Cales son os problemas en relación á obra do Centro de Saúde de Gondomar?
- Como se van a solucionar?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/11/2017 18:41:36

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A importancia de Artesáns Galegos da Carne radica en que se trata dunha industria de referencia no sector do vacún de carne. A empresa estaba liderada por Carcosa S.A, unha firma coruñesa especializada na comercialización e distribución, que tiña ao redor dun 70 % da sala de despezamento.

O outro socio destacado é a cooperativa de segundo grao Artesáns Gandeiros que naceu no ano 2011, unha cooperativa que aglutinaba a uns 4.000 produtores, ofrecendo servizos de comercialización de gando vacún de carne e asesoramento técnico, cunha participación ao redor dun 25 %, que engloba á súa vez a unha decena de cooperativas de base onde está integrada Clun (Os Irmandiños, Melisanto, Feiraco), Agris, Mopán, Icos, A Carqueixa, Lemos, Agranadada de Sarria, San Mamede de Nodar e Leira. Cunha parte testemuñal está tamén o matadoiro de Castro (Frilea, Frigoríficos do Lea).

A crise de Artesáns Galegos da Carne, iniciada nos últimos anos, xerou nunha primeira fase de atrasos nos pagos aos socios de Artesáns Gandeiros, que comercializaban a maior parte do seu gando a través desta empresa. A continuidade dos problemas levou nos últimos meses a Artesáns Gandeiros a tomar a decisión de traballar con outras industrias cárnicas e a suprimir a comercialización do gando a través de Artesáns Galegos da Carne.

Os problemas de Artesáns Galegos da Carne, con todo, preocupan a Artesáns Gandeiros, pois a industria mantén unha importante débeda co sector produtor. A falta de pagamentos afectan en especial ás cooperativas, que puxeron diñeiro para abonarlle o gando aos seus socios.

Grupo Parlamentario

Peor é a situación dos gandeiros a título individual que lle venderon nos últimos meses gando a Artesáns Galegos da Carne a través de tratantes ou compradores. As débedas desta empresa repercuten en primeiro termo nos tratantes e, en último, nos gandeiros. Hai ganderías con débedas de 5.000 euros e superiores.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Actualmente a débeda total da industria, rolda os 6 millóns de euros, unha situación que abocou á sala de despezo a un concurso de acredores.

As perspectivas apuntan a unha futurible entrada no proxecto da maior cooperativa agroalimentaria de España. Ante esta situación os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a situación na que se atopa a día de hoxe Artesáns Galegos da Carne?

2ª) Cal é a débeda actual de Artesáns Galegos da Carne ás cooperativas?

3ª) Cal é a débeda actual de Artesáns Galegos da Carne aos gandeiros a título individual?

4ª) Trala renuncia de Coren á compra de Artesáns Galegos da Carne que accións vai adoptar a Consellería de Medio Rural para paliar esta situación e garantir o cobro das débedas pendentes coas cooperativas?

5ª) Ten o Goberno galego algunha medida prevista para protexer, apoiar e defender aos gandeiros a título individual que non cobraron o que deberían e así mitigar os custes e danos asociados aos non pagamentos, se for así, que medidas son?

Pazo do Parlamento, 15 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/11/2017 18:54:30



Grupo Parlamentario

José Antonio Quiroga Díaz na data 15/11/2017 18:54:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**.

O campo galego esmorece na “lexislatura do rural”. A Xunta de Galicia no está sabendo abordar nin as crises que atravesan os seus sectores produtivos, nin o éxodo masivo de xente moza, nin as deficiencias dos seus servizos públicos. O Partido Popular parece empeñado en condenar ao rural galego ao atraso permanente.

Vémolo con claridade no acceso (ou, máis ben, na falta de acceso) ás novas tecnoloxías da información e da comunicación. Segundo datos provenientes do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) o 37% dos fogares que atopamos no rural non dispón de conexión a internet, mentres que nas cidades galegas a porcentaxe descende ata o 19%. As diferencias agrávanse en Ourense e Lugo, onde a dispersión dos núcleos de vivendas e o envellecemento é maior. No rural ourensán, pouco máis da metade dos fogares contan con conexión á rede. En Lugo, a porcentaxe sube un pouco, ata o 62%.

As razóns que se alegan para non contratar servizos de internet non soen ser de tipo económico, senón que están relacionadas coa ausencia de competencias. Non se percibe a súa utilidade, non se saben empregar correctamente ou, directamente, se descoñecen. Isto explica que a metade da poboación rural non queira internet e que o 58% considere que non lle fai falta. Esta apreciación



errónea é responsabilidade da Xunta e constitúe un síntoma manifesto do seu fracaso achegando as novas tecnoloxías a todos os galegos e galegas.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), que está adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, ten como obxectivos definir, desenvolver e executar as políticas do Goberno no que respecta ás novas tecnoloxías da información, a comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Encárgase, entre outras cousas, de:

1. Pór a disposición da cidadanía e das empresas de Galicia contidos e servizos públicos dixitais avanzados.
2. Dotar á cidadanías das competencias e recursos para participar activamente no desenvolvemento da sociedade da información.
3. Implantar unha rede de infraestruturas moderna e sostible que garanta a integración de Galicia na sociedade da información.
4. Impulsar o uso dos servizos TIC por parte das empresas galegas.

No que respecta ao rural, a Xunta e a AMTEGA está incumprindo todos e cada un destes obxectivos, dando lugar a unha Galicia de dúas velocidades.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que avaliación fai a Xunta de Galicia do retraso no acceso ás novas tecnoloxías da información e da comunicación que padece o rural galego?
- 2.^a) Que medidas está tomando a AMTEGA para combatelo?
- 3.^a) Que se está a facer para levar a alfabetización dixital ao rural?
- 4.^a) Cales son os datos de alfabetización dixital no rural que manexa a AMTEGA?



5.^a) Que se está facendo para impulsar o uso dos servizos TIC nas empresas do rural? Cales son os resultados?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 16/11/2017 09:55:44

David Rodríguez Estévez na data 16/11/2017 09:57:13

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

A normativa ambiental, e en particular a que fai referencia á avaliación do impacto ambiental e á participación pública nestes procesos, non responde a un capricho, nin pode a súa aplicación suxeitarse á vontade arbitraria ou aos intereses dun goberno particular. Non obstante, desde 2009 parece que é precisamente o capricho e non a legalidade o que articula a aplicación da normativa ambiental, e moi particularmente no ámbito da minaría. Deteñámonos en dous casos que recentemente teñen recibido notable atención pública.

O 25 de marzo de 2009 o Director Xeral de Industria, Enerxía e Minas, D. Anxo R. Calvo Silvosa, xunto co Subdirector Xeral de Recursos Minerais, D. José Antonio Domínguez Varela, asinan "*Resolución de transmisión das concesións de explotación que conforman o denominado Grupo Mineiro Santa Comba*". A transmisión de dereitos mineiros autorizada pola Resolución, non obstante, quedaba condicionada a "*Presentar, no prazo de tres meses, un estudo de impacto ambiental do proxecto que nos ocupa, conforme o Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, e demais normativa de aplicación*". Na mesma Resolución, que nunca foi obxecto de recurso, sendo por tanto firme, indícase que "*Para poder proceder á explotación se deberá contar coa declaración ambiental e coa aprobación do proxecto de explotación e plan de restauración, correspondentes*". Con anterioridade, no informe de 23/09/2008,



a enxeñeira actuante da Delegación da Coruña, D^a María José Mújares Coto, sinalaba que o proxecto *“debería someterse al dictamen ambiental previsto en la legislación sobre materia de medio ambiente actualmente en vigor por tratarse de una explotación subterránea que por su paragénesis puede producir aguas ácidas o alcalinas que den lugar a cambios en el pH o liberen iones metálicos que supongan una alteración del medio natural”*. Coa mudanza de goberno en 2009, o proxecto non foi sometido ao trámite ambiental.

Sendo evidente a responsabilidade do órgano substantivo, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, e en particular do seu Director Xeral, na situación descrita, non o é menos do órgano ambiental. Especialmente preocupante é a "carta de natureza" que o anterior Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, D. Justo de Benito Basanta, outorga á actuación da Dirección Xeral de Minas no caso do Grupo Mineiro Santa Comba en escrito de 1 de setembro de 2011 no que comunica que *"dado que a titulación destas é anterior á entrada en vigor da lexislación ambiental vixente, que obriga á realización dunha declaración ambiental previa ao comezo da actividade extractiva, e que non existen novas áreas afectadas, non procede emitir ninguha declaración"*. Téndose destinado recentemente o Sr. de Benito a un posto diplomático en París, non é posible preguntarlle se esta comunicación responde ao seu propio criterio ou se simplemente refrenda as palabras do Sr. Bernardo Tahoces, unha vez que non parece existir na lexislación amparo algún a ese parecer e que en todo caso tal criterio non vén acompañado de ningún informe por técnico funcionario público dese departamento.

O 30 de decembro de 2008, o mesmo Director Xeral de Industria, Enerxía e Minas, D. Anxo R. Calvo Silvosa, xunto co Subdirector Xeral de Recursos Minerais, D. José Antonio Domínguez Varela, asina unha "Resolución de transmisión de dereitos mineiros do Grupo Mineiro San Finx", igualmente



condicionada a "*Presentar, no prazo de tres meses, un estudo de Impacto Ambiental do proxecto que nos ocupa, conforme o Real Decreto Lexislativo 1/2008 , de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, e demais normativa de aplicación*". A pesar de tratarse, novamente, dunha resolución firme, nunca recorrida, cando D. Ángel Bernardo Tahoces asina a "Resolución de 28 de decembro de 2009 de aprobación dos proxectos de explotación, de restauración e de mellora das instalacións de tratamento do Grupo Mineiro San Finx" suprímense dos "*Antecedentes de feito*" a mención ao condicionante de presentar un estudo de impacto ambiental, desaparecendo toda mención a este condicionante sen mediar ningún cambio normativo en relación á lexislación de impacto ambiental.

Ambas as dúas explotacións teñen elementos en común: ambas as dúas producen drenaxes ácidas de minas con disolución de metais pesados; en ambos os dous casos estas drenaxes son vertidas ao dominio público hidráulico sen tratamento que os elimine; por este motivo, entre outros, ambas as dúas deberían terse sometido ao trámite de avaliación ambiental, como impuxeron sendas resolucións, que nunca foron obxecto de recurso e, por tanto, eran firmes. Non obstante, ningunha das explotacións foi sometida a este trámite legalmente obrigatorio. Mesmo así, nese período recibiron numerosas subvencións, a pesar de que o Consello de Contas recolleu a cualificación dos proxectos presentados como cuestionables e de formulación dubidosa. Tanto o Grupo Mineiro Santa Comba como o San Finx pertencían na altura á mercantil Incremento Grupo Inversor S.L., liquidada concursalmente en 2013. Con posterioridade, outros grupos empresariais subrogáronse aos proxectos mineiros, subrogación aprobada polo departamento de minas a pesar que ditos proxectos continúan sen estar sometidos ao obrigatorio trámite ambiental.



Moitas persoas, colectivos, e outras empresas do sector, pregúntanse que hai detrás da inacción da Consellería de Medio Ambiente nunha situación cuxas dimensións aínda descoñecemos. En Marea tamén se fai esa pregunta. Non é unha pregunta nova, pois xa se lle formulou ao Sr. Bernardo Tahoces, así como repetidamente ao Sr. Director de Augas de Galicia, que non só parece compartir responsabilidade senón tamén criterio fronte á grave afectación que estas explotacións non sometidas ao procedemento de avaliación de impacto ambiental están tendo e terán no medio ambiente, en particular as drenaxes ácidas de mina. Sorpréndenos aínda a Xunta, cando o día 15 de novembro de 2017 emite un comunicado, recollido por diversos medios, no que sae ao paso á remisión ao Xulgado por parte da Fiscalía deste mesmo asunto, dándonos o titular “La Xunta asegura que no era necesaria declaración ambiental en San Finx”.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

1. Cal é o fundamento legal para que os proxectos mineiros aprobados en 2009 e 2011 para as minas de San Finx e Santa Comba, con resolucións previas que condicionaban a transmisión das concesións, paralizadas desde o fin dos anos 1980, a presentar sendos estudos de impacto ambiental, puideran prescindir do trámite de avaliación de impacto ambiental establecido pola lexislación estatal e europea, e de existir, que técnico funcionario público o sustenta?
2. Cal é o fundamento legal da comunicación que asinou o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o 1 de setembro de 2011? Foi precedida esa comunicación de informes realizados por técnicos da súa Consellería ou respondeu unicamente ao criterio persoal do Sr. de Benito? Podemos coñecer eses informes, se existiren?
3. Desde 2009, a cantas e a cales explotacións mineiras obrigadas a someter os seus proxectos ao trámite ambiental por xerar drenaxes ácidas de mina

- ou outros motivos contemplados na lexislación, se eximiu deste requisito en base a escritos como o do Sr. de Benito? É coñecedora da existencia de presións a técnicos funcionarios do seu departamento por parte da Dirección Xeral de Enerxía e Minas?
4. Á vista da actuación do órgano substantivo de minas, e atendendo ao disposto pola *Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental* (e a súa precedente), que establece que “*Carecerán de validez los actos de adopción, aprobación o autorización de los planes, programas y proyectos que, estando incluidos en el ámbito de aplicación de esta ley no se hayan sometido a evaluación ambiental, sin perjuicio de las sanciones que, en su caso, puedan corresponder*”, vai tomar algunha medida o seu departamento fronte aos proxectos referidos e a outros que se poidan encontrar en situación análoga?
 5. Atendendo ao anterior, vai tomar algunha medida o seu departamento ante a concesión de aproveitamento de augas aprobada en 2016 e á solicitude de autorización de vertidos que actualmente está a tramitar Augas de Galicia, en relación á mina de San Finx, non sometida a EIA? Desde cando coñece a situación legal en relación ao aproveitamento de augas e á autorización de vertidos da mina, en particular da de Santa Comba e outras que xeran drenaxes ácidas sen terse sometido ao trámite de avaliación de impacto ambiental?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando



Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 16/11/2017 10:19:11

Marcos Cal Ogando na data 16/11/2017 10:19:20

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Moisés Rodríguez Pérez, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Diego Calvo Pouso, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O Plan de investimentos conxuntos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, aprobado no X plenario da Comunidade de traballo, celebrado en Baiona en xaneiro de 2014, supuxo un importante salto cualitativo no proxecto de colaboración cos nosos veciños portugueses, ademais de afianzar a nosa posición de vangarda na cooperación interterritorial no conxunto da UE.

O plan de investimentos conxuntos estrutúrase en catro eixos fundaméntase de traballo : a innovación baseada na investigación e a transferencia de coñecemento, o emprego, a calidade medioambiental e o patrimonio, e a capacitación institucional ao servizo da cidadanía.

A piques de alcanzar o ecuador do período de desenvolvemento do Plan de investimentos conxuntos da Eurorrexión, o Grupo parlamentario popular considera acaído facer unha primeira evolución sobre o grao de execución acadado, así como a previsión que realiza a Xunta de Galicia sobre os proxectos que se van a desenvolver ata o ano 2020.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

-Cal é o nivel de execución do “Plan de Investimentos Conxuntos” da Eurorrexión aprobado en 2014 e que define o destino dos fondos da cooperación transfronteiriza dos vindeiros anos?

Santiago de Compostela, 16 de Novembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2017 10:57:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 11:09
Nº Rexistro: 20299**
Data envío: 16/11/2017 11:09:46.064

Paula Prado Del Río na data 16/11/2017 11:02:40

Moisés Rodríguez Pérez na data 16/11/2017 11:02:57

Antonio Mouriño Villar na data 16/11/2017 11:03:09

María Isabel Novo Fariña na data 16/11/2017 11:03:42

César Manuel Fernández Gil na data 16/11/2017 11:04:06

Diego Calvo Pouso na data 16/11/2017 11:04:15

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/11/2017 11:04:35

Jacobo Moreira Ferro na data 16/11/2017 11:04:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

En setembro de 2016, o Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Don Jesús Gamallo, participaba no cumio de rexións, “Xuntos pola cohesión”, celebrado en Bruxelas co fin de lanzar, xunto coas autoridades rexionais, locais e interterritoriais de toda a UE, unha mensaxe común en defensa da política de cohesión a partir do ano 2020.

Esta iniciativa de nivel europeo pretende chegar a un compromiso común para prolongar a política rexional da UE mais aló do remate do actual período de programación 2014-2020, no que o orzamento dos fondos de Cohesión ascende a mais de 351.000 millóns de euros, o que supón un terzo do conxunto do orzamento europeo.

Estas cifras dan conta da relevancia destes fondos no conxunto da UE, pero se atendemos especificamente aos nosos intereses, compre destacar que dende o establecemento destes fondos, o noso país foi beneficiario de mais de 19.000 millóns de euros, fundamentais na modernización de Galicia, o que permitiu que no ano 2014 abandonasemos o grupo das rexións menos desenvolvidas para integrarnos no das rexión denominadas “en transición”.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

-Qué actuacións está a desenvolver a Xunta de Galicia nas institucións europeas para continuar coa participación na iniciativa que, impulsada na pasada lexislatura con outras rexións europeas e denominada Together for Cohesion (Xuntos pola Cohesión), defende o orzamento asignado para a política rexional así como a necesaria interlocución coas rexións neste proceso de negociación?

Santiago de Compostela, 16 Novembro de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2017 11:07:25

Paula Prado Del Río na data 16/11/2017 11:07:40

María Isabel Novo Fariña na data 16/11/2017 11:07:54

César Manuel Fernández Gil na data 16/11/2017 11:08:07

Antonio Mouriño Villar na data 16/11/2017 11:08:11

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/11/2017 11:08:41

Jacobo Moreira Ferro na data 16/11/2017 11:08:54

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luis Manuel Álvarez Martínez e María Dolores Toja Suárez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Está claro que el espolio realizado polos Franco vai moito máis alá do Pazo de Meirás. De forma continua están aparecendo obxectos apropiados de forma ilexítima por membros da familia. Agora acaba de darse a coñecer que a muller do ditador, Carmen Franco, levouse da igrexa de románica de San Xián de Moraime do século XI, situada no concello de Muxía, ao redor de 1960, dous pilóns medievais de gran valor que adornaban o patio da casa reitoral. Un era unha pila bautismal e outro unha de auga bendita.

O párroco de Moraime, testemuña desta apropiación, en 1980 e por consello de Domingo García Sabell, foi a un notario para testemuñar o sucedido e presentar todas as probas documentais de que as pilas medievais pertencían á igrexa de Moraime.

Ademais de varias xestións dun particular denunciando estes feitos, en 2010 o alcalde de Muxía dirixiuse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para darlle a coñecer esta situación pero nunca obtivo resposta. Polo que se ve a Xunta de Galicia, máxima garante por lei da conservación do patrimonio artístico galego, non lle preocupaba que uns obxectos medievais de moito valor estiveran de forma ilexítima en mans da familia Franco. De feito segue sen importarlle, porque nada fixo para recuperalas a pesar de ter acta notarial da denuncia dos feitos e probas documentais do espolio.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de que a familia Franco apropiouse de maneira ilexítima de dous pilóns medievais da igrexa de San Xián de Moraima en Muxía e que aínda están no seu poder?
2. Dende cando ten coñecemento destes feitos? Que valoración fai deles?
3. Que vai facer para que estes pezas medievais volvan ao lugar de onde proceden e podan ser vistas por toda a cidadanía?
4. Considera que debe facer algo como maior responsable da seguridade e preservación do patrimonio artístico de Galicia?

Pazo do Parlamento, 16 de novembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
María Dolores Toja Suárez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 16/11/2017 12:36:45

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 16/11/2017 12:36:52

María Dolores Toja Suárez na data 16/11/2017 12:36:58

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

Durante décadas, o lúndano foi un composto de éxito na nosa terra. Empregábase como insecticida na agricultura, como antiparasitario na gandería e como loción contra os piollos nos seres humanos. Así foi ata que no ano 1991 se demostrou que se trataba dun elemento tóxico que entrañaba graves riscos para a saúde dos seres humanos e dos animais. Nesa data, foi prohibido.

O lúndano é un elemento que os seres vivos acumulan con moita facilidade, xa que se asimila por inxestión, respiración e mesmo a través da vía cutánea. De aí que a exposición prolongada a el incrementa paulatinamente o risco de sufrir enfermidades severas, como son os problemas renais, hepáticos, hormonais, xinecolóxicos, sanguíneos e nerviosos. No ano 2015, a Organización Mundial da Saúde ratificou que o lúndano podía provocar, ademais, tumores canceríxenos.

En Galicia tivemos a mala fortuna de contar cunha industria fabricante de lúndano durante dezasete anos. Falamos de Zeltia, que sintetizou o composto na súa planta do Porriño dende 1947 ata 1964. Neste tempo, estímase que foron xerados máis de 1.000 toneladas de residuos que logo foron vertidos pola rexión. De feito, unha parte dos mesmos foi empregada na reparación de estradas e como insecticida.



No propio terreo da fábrica construíronse vivendas de protección oficial once anos máis tarde, no 1975, sen que a zona fora descontaminada. Por esta razón, no ano 1999, a Xunta de Galicia levou a cabo un plan de descontaminación dos solos, que descubriu concentracións moi altas de líndano na superficie e nas augas subterráneas e de abastecemento. Os datos revelaron, así mesmo, que a poboación estivera exposta a altos niveis de contaminación durante anos, co conseguinte dano irreparable para a súa saúde. Foi este o motivo de que no ano 2010 os habitantes das vivendas sociais que se atopaban sobre os terreos da antiga fábrica de Zeltia foran trasladados. Pese a isto, aínda hai veciños e veciñas nas zonas próximas que reclaman, razoablemente, que tamén merecen ter acceso a unha vivenda noutro lugar.

Nas últimas semanas, as análises realizadas pola consellería de Sanidade arroxaron altos valores de contaminación por líndano en Porriño, cen veces superiores ao valor de referencia. Moitas persoas do lugar declararon, ademais, que padecían síntomas evidentes de contaminación. Como medidas preventivas, pediuse que se evitara o consumo de auga procedente dos pozos da zona e evitar o consumo dos produtos da horta, dúas medidas que, aínda que son necesarias, non contrarrestan a exposición sufrida durante décadas ao líndano.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para loitar contra a contaminación por líndano? Que medidas tomou dende o descubrimento da súa natureza e toxicidade para os seres humanos e os animais?
- Vaise favorecer que as persoas cuxas vivendas están expostas a contaminación teñan acceso a outra vivenda?



- É certo que as consellerías de Medio Ambiente e de Sanidade recomendaron non facer público o problema para non xerar alarma? Parécelle prudente manter en segredo que os veciños dunha localidade estean sufrindo contaminación constante?
- Dende as actuacións da Xunta de Galicia no ano 1999, tense realizado algún control sobre o estado da contaminación por líndano no lugar?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 16/11/2017 17:53:11

Antón Sánchez García na data 16/11/2017 17:53:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 20324
Data envío: 16/11/2017 17:32:34.998

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa as medidas a adoptar diante do expediente de regulación de emprego no Grupo Banco Popular-Pastor e Santander.

O Grupo Popular- Pastor e Banco Santander veñen de presentar un expediente de regulación de emprego que afectará a máis de 2.000 persoas no conxunto do Estado, a pretensión e desfacerse de 1.585 traballadores e traballadoras, e pasar a 575 persoas do Popular a subcontratas do Santander.. En Galiza as persoas afectadas poden ser arredor de 200 entre as dúas entidades e outras 200 de empresas auxiliares do grupo.

Este ERE ven a sumarse ao levado a cabo polo Banco Popular-Pastor no 2016. Cando o Banco Pastor foi adquirido en 2011 polo Bando Popular, tiña en Galiza 4.100 traballadores/as e 588 oficinas, e representaba arredor do 18% do mercado financeiro galego. A absorción supuxo xa naquel entón, como ten de denunciado o cadro de persoal do banco a través dun intenso calendario de mobilizacións, unha verdadeira operación de liquidación dunha entidade financeira galega, das máis importantes en termos de volume de negocio, número de traballadoras e traballadores e rede de oficinas. Con todo a operación recibiu todo apoio do Goberno galego en mans do Partido Popular, acorde coa súa actuación continúa de exercer de delegados do poder.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 20324
Data envío: 16/11/2017 17:32:34.998

Tras a compra hai uns meses do Banco Popular por parte do Santander, polo prezo simbólico dun euro, pretenden dar outro golpe de graza. O sistema financeiro, máis unha vez, pretende buscar maiores beneficios a conta de deixar tirad@s a traballadores e traballadoras.

Este novo ERE significa continuar co proceso de “reestruturación” do sector financeiro, co obxectivo de concentrar e centralizar a toma de decisións, un proceso ao que se destinaron máis de 60.000 millóns de euros de fondos públicos, dos que o Bando de España ven de recoñecer que só se van recuperar unha mínima parte. Para Galiza este proceso ten nefastas consecuencias, perda de capacidade e decisión financeira, exclusión dunha parte importante da poboación do mesmo e a perda de centos de postos de traballo.

Este ERE é cualificado de innecesario e inxustificado por parte d@s representantes d@s traballadores/as, toda vez que teñen que realizar sistematicamente prolongacións de xornada. Resulta indecente que o Grupo Santander veña de declarar millóns de euros de beneficios e ao tempo bote xente á rúa.

Estamos de novo diante dun proceso de destrución de emprego, e de perda de capacidade financeira, de novo a expensas do que decidan en Madrid, en base aos seus intereses e nos aos de Galiza.

O BNG súmase á preocupación d@s traballadores e traballadoras por este ERE, mais tamén pola situación futura do persoal da rede do grupo bancario, porque todo evidencia que este é un banzo no proceso descrito, mais non o final.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 20324
Data envío: 16/11/2017 17:32:34.998

Por todas as razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Que actuacións ten realizado o Goberno galego diante o ERE presentado no Grupo Banco Popular- Pastor e Santander., que pode supoñer a perda de arredor de 400 postos de traballo en Galiza?

-Ten avaliado o Goberno galego as consecuencias deste ERE ?

-Ten recibido información deste ERE, por parte dos responsábeis da entidade bancaria?

-Vai involucrase o Goberno galego para impedir unha nova destrución de postos de traballo no sector financeiro galego?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 20324
Data envío: 16/11/2017 17:32:34.998

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/11/2017 17:28:55

Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2017 17:29:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/11/2017 17:29:02

Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2017 17:29:03

Noa Presas Bergantiños na data 16/11/2017 17:29:05

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2017 17:29:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:39
Nº Rexistro: 20330
Data envío: 16/11/2017 17:39:32.404

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a desaparición de Enxeñería Xeomática e Topografía no Campus Terra do novo mapa de titulacións.

En outubro de 2017 a Consellaría de Educación anunciou o novo mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego (SUG), unha remodelación que supón a incorporación de novos títulos e tamén a supresión doutros.

Entre as titulacións que desaparecen atópase a Enxeñería xeomática e topografía, impartida até o momento no Campus Terra de Lugo, unha titulación cuxa matrícula se reduciu notabelmente nos últimos anos polo que se viu obrigada, xunto con outras, a ser sometida a un Plan de viabilidade aprobado no curso 2015/2016.

Este plan, suxeito ao Decreto 222/2011 obrigaba, neste caso a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a adoptar unha serie de medidas encamiñadas a garantir o mantemento da matrícula evitando así a súa extinción.

Isto é:

1º) Compartir nos tres títulos un total de 60 créditos ECTS nos dous primeiros cursos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:39
Nº Rexistro: 20330
Data envío: 16/11/2017 17:39:32.404

2º) Compartir, ademais, outros 30 créditos ECTS, tamén nos dous primeiros cursos, entre os títulos:

*Grao en Enxeñaría Civil e Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.

*Grao en Enxeñaría Civil e Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía.

3º) Así mesmo, e aproveitando a formación común dos estudantes segundo o indicado nos parágrafos anteriores, ofertaríanse dúas dobres titulacións:

*Doble Grao en Enxeñaría Civil e Enxeñaría en Xeomática e Topografía.

*Doble Grao en Enxeñaría Civil e Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.

As dobres titulacións propostas serían exclusivas do Campus de Lugo dentro do SUG, xa que non coexisten en ningún outro campus de Galicia os tres graos que as fundamentan.

4º) Ofertar un número máximo de 50 prazas en primeiro curso para cada unha das titulacións.

Porén, non se agardou a ver os resultados da súa implementación posto que desaparece xa do novo mapa.

«Pensamos que é unha pena que a un título único en Galicia que habilita para unha profesión, con un esforzo moi grande para poder poñelo en marcha, non se lle deixe finalizar o plan de viabilidade aprobado pola consellería», afirmou o decano da Escola Politécnica Superior de Lugo despois de coñecer a desaparición de Xeomática e Topografía.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:39
Nº Rexistro: 20330
Data envío: 16/11/2017 17:39:32.404

Por todo o exposto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1. Por que a Consellaría de Educación non agardou a que finalizase o Plan de viabilidade aprobado para, entre outras, a titulación de Enxeñería Xeomática e Topografía?

2. Por que non se considerou esta titulación pola súa singularidade e mesmo interese socioeconómico, por exemplo, en relación ao polo industrial de Rozas?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2017

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:39
Nº Rexistro: 20330
Data envío: 16/11/2017 17:39:32.404

Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2017 17:38:56

María Montserrat Prado Cores na data 16/11/2017 17:39:01

Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2017 17:39:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/11/2017 17:39:04

Noa Presas Bergantiños na data 16/11/2017 17:39:06

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2017 17:39:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 18:16
Nº Rexistro: 20334
Data envío: 16/11/2017 18:16:10.763

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

Aínda estando á espera das novas que se nos deben polo respecto debido á democracia en xeral e a esta Comisión en particular, imos face-las cousas coa medida debida cunha somera exposición de motivos.

A estas alturas e rematada xa a campaña da pataca en todo o País, existe un hermetismo en torno ó tema que fai sospeitar que as cousas non lle foron ben á Consellería. O silencio por veces é froito da prudencia, mais por veces agocha covardías.

Nin os concellos afectados pola praga e con restricións manifestas, nin a Comisión 7ª existindo un acordo unánime demandando información puntual, nin as organizacións agrarias, nin os medios de comunicación, nin, por suposto, a cidadanía... Ningún deles ten/temos información a respecto de:

-Número de afectados directamente, produtores para comerciar e produtores para autoconsumo.

-Medidas de control sobre a circulación polo territorio galego do tubérculo e incidencias se as houbo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 18:16
Nº Rexistro: 20334
Data envío: 16/11/2017 18:16:10.763

-Número de denuncias, accións punitivas e incidencias a respecto do incumprimento da corentena nos concellos afectados e no territorio que conforma a franxa de seguridade.

-Cantidade de tubérculo afectado pola praga ou sospeitoso de afectación destruído.

-Condicións en que se realizou a retirada e destrución deste tubérculo afectado e anomalías rexistradas nestes procesos.

-Estado das investigacións, se as hai, arredor da praga e medidas fitosanitarias posibles.

-Medidas, se as hai, no tocante á muda de usos e costumes na plantación e demais labores de cultivo que poidan axudar na contención e posible erradicación do problema.

-Axudas ós afectados, número de solicitudes, axudas concedidas, cuantías.

-Se houbo axudas directas, lucro cesante en autoconsumo.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Cal é o número de afectados directamente, produtores para comerciar e produtores para autoconsumo?

-Que medidas de control se tomaron no tocante á circulación polo territorio galego do tubérculo e incidencias se as houbo?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 18:16
Nº Rexistro: 20334
Data envío: 16/11/2017 18:16:10.763

-Número de denuncias, accións punitivas e incidencias a respecto do incumprimento da corentena nos concellos afectados e no territorio que conforma a franxa de seguridade?

-Que cantidade de tubérculo afectado pola praga ou sospeitoso de afectación foi destruído?

-En que condicións se realizou a retirada e destrución do tubérculo afectado e anomalías rexistradas nestes procesos?

-En que estado están as investigacións, se as hai, arredor da praga e medidas fitosanitarias posibles?

-Que medidas, se as hai, no tocante á muda de usos e costumes na plantación e demais labores de cultivo que poidan axudar na contención e posible erradicación do problema se recomendan á poboación?

-Que axudas se puxeron en marcha para os afectados, número de solicitudes, axudas concedidas, cuantías?

-Houbo axudas directas, lucro cesante en autoconsumo?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 18:16
Nº Rexistro: 20334
Data envío: 16/11/2017 18:16:10.763

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/11/2017 18:13:57

María Montserrat Prado Cores na data 16/11/2017 18:14:06

Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2017 18:14:07

Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2017 18:14:08

Noa Presas Bergantiños na data 16/11/2017 18:14:10

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2017 18:14:11

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG.

O PSdeG-PSOE denunciou en numerosas ocasións a súa preocupación polo proceso de dixitalización da RTVG, que se podería definir nunha frase: tarde, mal e arrastro.

Ao mesmo tempo, tamén é pública a preocupación dos traballadores polo seu futuro laboral con respecto a este tema. O proceso de dixitalización afecta a un amplo colectivo de traballadores da Corporación, como é o composto por operadores montadores de vídeo, redactores, auxiliares de realización, técnicos electrónicos e informáticos. A situación é especialmente preocupante no que atinxe aos operadores e montadores de vídeo, debido a que son os que ven máis afectadas as súas funcións e máis ameazado o seu futuro profesional e o seu posto de traballo.

Os socialistas compartimos as preocupacións deste profesionais e preguntamos pola futura clasificación profesional con respecto aos operadores e montadores de vídeo.

Ademais, os operadores e montadores de vídeo xa foron marxinados do plan de formación obrigatoria para os traballadores da Corporación, un grave erro que denunciaron os afectados e que lles obrigou a rectificar aos responsables de tal feito. Preguntamos polo plan de formación previsto para eles, ao tempo que denunciemos a falta de medios e de licenzas suficientes para impartirllas correctamente a formación

Ante esta situación o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:



Grupo Parlamentario

1ª) Cales son exactamente os plans que ten a Corporación para todos eles (San Marcos e delegacións) na futura estrutura laboral para este colectivo de operadores e montadores de vídeo?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Por que os membros deste colectivo nin sequera teñen un ordenador para cada persoa, nin existen licenzas suficientes para poder recibir a formación axeitada, nin manuais traducidos na súa totalidade ás linguas oficiais de Galicia?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 10/11/2017 12:42:57

Noela Blanco Rodríguez na data 10/11/2017 12:43:08

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión na CRTVG.

Dende a chegada do Sr. Feijóo, os medios públicos galegos sofren unha enorme erosión debido á manipulación informativa que sempre busca o beneficio para o Partido Popular e o descrédito, ou mesmo o escarnio das restantes formacións políticas en Galicia. Os recentes cambios na estrutura directiva da Corporación e dos seus servizos informativos agravou a situación de control e censura dos medios públicos de comunicación de Galicia. Os exemplos son tan numerosos e groseiros, que nos vemo na obriga de poñer algúns exemplos significativos;

1. O luns 30 de outubro fíxose público nos principais medios de comunicación galegos e estatais que María José Caldelas, ex deputada do Partido Popular por Ourense e dona de José Manuel Baltar, era condenada a un ano de prisión polo xulgado do penal de Ourense por dous delitos de falsidade documental. A RTVG non emitiu ningunha peza no TX1 nin no TX2. Pode alguén explicarnos a razón para non dar esta información?

